
ÍCARO

Texto e ilustracións de **FEDERICO DELICADO**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartonné. 27,5 x 22 cm. 40 páx. 15 €.

VII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

THE WHITE RAVENS 2015

LISTA DE HONRA IBBY 2016 (ILUSTRACIÓN)

Ícaro (galego)

ISBN 978-84-8464-903-8. Premio Compostela.

Ícaro (castelán)

ISBN 978-84-8464-886-4. Premio Compostela.

Ícar (catalán)

ISBN 978-84-8464-902-1. Premi Compostela.

Ikaro (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-858-9. Compostela Saria.

Ícaro (portugués)

ISBN 978-989-749-032-3. Prémio Compostela.

-Dime, canto tempo levas só?

-Creo que un mes, ou así...

-Sabes onde poden estar os teus pais?

-Si, claro que o sei.

-Dime, como podemos localizalos?


-Non se pode.

Un neno chega a un centro de acollida e os asistentes intentan averiguar o paradiro dos seus pais. Pero ao contrario do que estes cren, non se trata dun neno abandonado; o protagonista desta fermosa historia fainos partícipes doutra realidade, allea aos convencionalismos.

“Ícaro”, o traballo galardoado co VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, trata sobre o desexo de liberdade, a diferenza, a esperanza; a súa mensaxe identifícase con quen vai contracorrente, ante a incompreensión dos que o rodean, incapaces de ver máis aló do aparente.

A obra de Federico Delicado transcorre paralelamente en dous planos distintos: por un lado, a realidade e as ciencias físicas ou sociais ao servizo do *establishment*; por outro, a fantasía e a arte como medios de expresión. Tamén se alternan dous momentos: un presente marcado pola incertidume, e un tempo anterior onde se contextualiza a situación desta familia. A nivel estético, diferéncianse polo predominio de tons apagados e de cores vivas, respectivamente, con imaxes que recordan a Hopper.

O texto, evocador do mito de Ícaro e da obra de Kafka, pódese ler en clave metafórica: a vontade como medio para afrontar situacións adversas, fabular sobre a propia vida como guiión creativo. Porque non todo o que ocorre na realidade é verdadeiro. Porque nunca hai que ter medo a voar.



■ **Temática:** a diversidade.


■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** obra gañadora do VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; a liberdade, a diferenza; realidade fronte a fantasía; os sonhos; lectura metafórica.

Federico Delicado

(Badaxoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. En 1970 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e de escultura. Nos últimos anos publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
